

## PEZA DO MES

maio

2022

---



**FÍBULA DE CASAIO  
CARBALLEDA DE VALDEORRAS**



### Fíbula de Casaio. Carballeda de Valdeorras

O espolio arqueolóxico é un auténtico problema a nivel mundial. Cada ano, centos de miles de pezas son arrancadas dos seus contextos arqueolóxicos para acabar en caixas, expositores privados ou no mercado negro, vendidas ao mellor comprador. O problema é tan inmenso que non existen datos fiables sobre a súa dimensión. Un pequeno exemplo pode darnos unha mínima idea: o día 19 de febreiro de 2022 foi detida en Cáceres unha persoa (arqueólogo, para máis desgraza da profesión) con nada menos que 12.000 pezas arqueolóxicas espoliadas. Como profesionais do patrimonio, non deixamos de repetir que o espolio é ilegal porque arrebatada unha propiedade común, que é o noso patrimonio e a nosa historia, para beneficio duns poucos. Sacar unha peza do seu contexto é quitarlle todo o seu potencial para darnos información sobre as persoas que no pasado decidiron facer, utilizar e enterrar un obxecto.

Nalgúns casos, esta desgraza pode ser, ao menos, lixeiramente compensada pola devolución das pezas ás institucións públicas e académicas para que poidan ser estudadas e gozadas por todo o mundo. Este é o caso da excepcional peza romana de Casaio (Carballeda de Valdeorras) que presentamos como peza do mes. Grazas á colaboración da comunidade local de Casaio e ao traballo desenvolvido pola Asociación Científica Sputnik Labrego ([www.sputniklabrego.com](http://www.sputniklabrego.com)) desde 2016 no territorio desta parroquia, foi posible recuperar esta e outras pezas

arqueolóxicas de gran valor histórico e patrimonial. Por fin estas pezas poden ensinarnos as fascinantes historias que agochan.

A presente peza é unha fíbula realizada a partir dunha pequena placa cuadrangular de bronce que conta nas súas esquinas cuns remates en forma de bóla faltando, por rotura histórica, unha destas esquinas. As súas dimensións son de 2,66 cm no lado maior por 2,48 cm no lado menor, que fan que a peza sexa practicamente simétrica, uns 1,8 cm de altura e 8,4 g de peso. Na parte posterior, conta coa agulla, duns 3 cm de lonxitude, así como o enganche desta á fíbula mediante unha charnela ou bisagra. Esta está disposta en diagonal con respecto ao cadrado que dá forma á fíbula. Na parte anterior podemos apreciar o que resta da súa decoración, consistente nun patrón de división de figuras xeométricas básicas: un cadrado dividido por unha cruz que á súa vez se atopa no interior dun cadrado maior, formando así un total de oito triángulos rectángulos. No interior de varios destes triángulos consérvanse restos de pasta vítrea de cor verde escura, mentres que nun destes a pasta é de cor vermella intensa. Nesta parte tamén se poden apreciar outras tonalidades que varían entre o verde claro, o branco e o granate, pero que non se pode saber se se corresponden con máis restos de pasta vítrea ou son derivadas da corrosión metálica.

Grazas aos estudos metalográficos non destrutivos feitos sobre a peza nos laboratorios do CENIEH por David Larreina sabemos que a fíbula está feita en bronce saturado de estaño cunha posible presenza de chumbo ou zinc. Pola súa parte, a pasta vítrea realizaríase con óxidos de cobre e óxidos de chumbo. A súa produción sería feita a molde nunha soa peza e posteriormente engadiríase a agulla. En calquera caso, todos os datos demostrarían que a peza é un obxecto de xoiaría de gran calidade, cun uso de materias primas moi sofisticado que precisaría dun coñecemento tecnolóxico moi avanzado. Así mesmo, é moi posible que o obradoiro onde se fixo esta peza se atopase fóra de Casaio, polo que sería un obxecto importado e, polo tanto, un obxecto de certa relevancia social e económica.

A aparición deste tipo de fíbulas esmaltadas (*enamelled square fibula*, en inglés) son pouco comúns no noroeste peninsular e semellan ter a súa orixe no norte da Galia, Bélxica e as rexións renanas. Dous autores teñen clasificado este tipo de fíbulas esmaltadas, onde se diferencian formas cuadrangulares, circulares ou de animais. Por unha banda, Feugère identifica a este tipo de fíbulas

esmaltadas romboides como tipo 26D: *Fibules géométriques émaillées*. Pola outra, Riha identifícaa como tipo 17, sendo a nosa peza moi semellante a unha fíbula atopada en Augst (Suíza) e datada entre os séculos II e III d. n. e. Ambos os dous autores circunscriben esta tipoloxía de fíbulas ao comezo do principado romano (séculos I-II), aínda que poida existir unha certa continuación na súa produción en momentos posteriores.

Ligado a este tipo de fíbulas con decoración esmaltada, na Galiza podemos mencionar a peza do mes do xuño de 2019, publicada nesta mesma serie do Museo Arqueolóxico de Ourense. Esta fíbula ten forma de pavo real e conta con pequenos fragmentos de esmalte a modo de decoración. Está catalogada dentro da tipoloxía de Feugère como unha 29a23. A súa cronoloxía non está cerrada, circunscribíndoa aos séculos I-II d. n. e.

Aínda que con algunhas dúbidas razoables, temos certa seguridade de que a peza pertence ao xacemento coñecido como os Mallos, dentro da parroquia de Santa María de Casaio. Esta contorna está catalogada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural baixo o nome de «Os Castros / A Teixeira 2» que, xunto ao xacemento de «Os Castros / A Teixeira 1» –este último actualmente desaparecido baixo o entullo das canteiras de lousa da contorna– poderían formar parte dun mesmo contexto ocupado por unha mesma comunidade entre a época castrexa e o período romano. Porén, a nosa hipótese é que se trata de dous xacementos diferenciados con ocupacións temporais distintas, no que a fíbula marca o momento último de ocupación histórica antes de pasar a ser campos de cultivo de xestión comunal da comunidade de Casaio durante a época medieval e moderna. En calquera caso, configuraríase como un xacemento dunha considerable extensión (20 hectáreas de extensión máxima), cunha ocupación do espazo de media ladeira cara ao río Valborraz, que percorre a zona en dirección oeste cara ao territorio de Valdeorras.

Como é coñecido na literatura científica, os paralelos máis importantes deste tipo de pezas están vinculados de xeito directo con espazos funerarios, formando normalmente parte do enxoval de enterramentos individuais. Esta razón lévanos a pensar na presenza dun cemiterio de época romana noa contorna dos Mallos e, máis especificamente, no espazo onde se atopou esta peza. No momento no que se data a peza existiría unha preferencia cultural moi marcada polos enterramentos fronte aos procesos de incineración, aínda que as evidencias noutras partes do Occidente

européu non farían descartar aínda a presenza deste tipo de rituais. Porén, a presenza da fíbula sería un bo indicativo de enterramento, en tanto que implicaría a presenza de vestimentas sobre o corpo do individuo inhumado nun ritual público de carácter comunitario. Unha peza, ademais, que marcaría un alto status deste individuo dada a súa calidade técnica e artística, como demostran os estudos arqueometalúrxicos. Deste xeito, esta peza indicaría a presenza dunha comunidade fortemente diferenciada, con individuos e familias capaces de adquirir produtos de gran calidade e provenientes de áreas extra-locais. Isto contrastaría coa visión tradicional dos espazos de montaña, e concretamente os montes de Casaio, como espazos periféricos. Ao contrario, a presenza deste tipo de pezas falaría dunha económica centralista moi marcada durante o período romano.

Un período romano que, non hai que esquecer, tivo un grande impacto sobre este territorio. Casaio atópase a carón da cunca do Sil, rica en recursos mineiros, e a poucos quilómetros das minas das Médulas, sendo precisamente durante os momentos nos que se data esta peza cando a explotación romana do mineral da zona, posterior ao proceso de conquista, alcanzaría os seus máximos históricos. De feito, o sitio dos Mallos non sería o único de época romana que temos atopado en Casaio. Polo menos outros dous ou tres sitios máis dentro da parroquia poderían ser datados neste momento, subliñando a importancia deste territorio durante o período romano. A nosa hipótese, seguindo as propostas doutros expertos do territorio como Santiago Ferrer ou José Fernández, é que sitios como os Mallos poden ser interpretados como comunidades agrarias moi enfocadas ás actividades de extracción de mineral. Non casualmente a zona de Casaio, dentro da Serra do Eixe, é un territorio especialmente rico en minerais de uso común nas sociedades preindustriais, como o cobre, o estaño e, tamén, o ouro.

Como comentabamos, grazas á colaboración da comunidade local e ao traballo continuado en contornas academicamente «periféricas» puidemos recuperar esta peza de gran valor que nos permite coñecer mellor períodos especialmente escuros da historia da Galiza e de Ourense. Agardamos poder continuar as investigacións no futuro para achegar algo máis de luz sobre estas cuestións e non queremos rematar sen facer un chamamento para unir forzas contra os espolios e pola recuperación de todo ese material que, de non ser polas accións desconsideradas duns poucos individuos, nos permitirían a todas as persoas coñecer un pouco mellor a nosa historia.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Carlos Tejerizo-García (UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI GENOVA)

Mario Fernández Pereiro (UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Diego Torres Iglesias (ARQUEÓLOGO INDEPENDENTE)

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956